

Axudas para material escolar

Está aberto o prazo para solicitar as axudas destinadas ás familias para a adquisición de material escolar, para o curso 2015-2016 (Educación infantil, primaria e ESO).

O modelo de solicitude pode recollerse no rexistro xeral ou nos servizos sociais do Concello de Pontedeume.

Os solicitantes, antes de presentar as solicitudes no rexistro xeral do Concello, deberán pasar polos servizos sociais para comprobar que a documentación está completa.

O prazo de presentación das solicitudes finaliza o día 19 de xaneiro de 2016.